




LeirARTE:

mirar, pensar, crear

PROXECTO DOCUMENTAL INTEGRADO

CURSO 2017-18

CEIP DE LEIRADO (Salvaterra de Miño)

INTRODUCCIÓN

Comezábamos o curso 2017-18 cun novo Proxecto Lector de Centro froito da revisión e avaliación do anterior. Entre as razóns para facelo figuran:

- *Engadir actuacións que desenvolvan tamén as alfabetizacións múltiples e habilidades informacionais que demanda a sociedade actual.*
- *Sistematizar o traballo cotiá nas aulas no proceso de adquisición da lectura e da escritura, incidindo na comprensión, expresión e creación.*
- *Resaltar a importancia da Competencia en Comunicación Lingüística en todas as competencias e en todas as materias.*

Entre os obxectivos plantexados temos:

- *Deseñar dende a Biblioteca, conxuntamente cos demais equipos docentes, proxectos e tarefas onde o alumnado deba realizar investigacións e comunicar creando contidos en diversos formatos.*
- *Formar ao alumnado no uso das novas tecnoloxías da comunicación e da información, proporcionando oportunidades de lectura en soporte dixital e de uso de ferramentas dixitais axeitadas á súa idade.*
- *Incluir na programación de todos os niveis e materias actividades prácticas de comprensión lectora e de composición de textos abarcando todas as tipoloxías textuais, tamén actividades de expresión oral, utilizando os recursos da Biblioteca.*

Por outro lado, a experiencia dos pasados cursos en que fomos avanzando no traballo con proxectos e tarefas integradas foi moi satisfactoria en canto a motivación do alumnado e profesorado. O “aprender facendo”, avaliando o que facemos e como o facemos, é un modelo centrado nas competencias clave e no desempeño do alumnado, no que nos seguimos formando no noso PFPP, xunto coa implementación da aprendizaxe cooperativa.

Tamén vemos necesario fomentar no alumnado e comunidade educativa intereses de tipo cultural fronte á presión social doutro tipo de intereses que consideramos menos educativos.

Por todas estas razóns plantexamos un novo proxecto documental integrado, esta vez baseado nas artes, que titulamos **LEIRARTE: MIRAR, PENSAR, CREAR**

Redactamos os seguintes obxectivos xerais do proxecto:

- Recoñecer e apreciar as características das artes e das producións artísticas
- Valorar o patrimonio cultural.
- Reflexionar sobre a intención comunicativa dunha obra de arte.
- Crear producións artísticas seguindo modelos.
- Coñecer artistas galegos, locais e de relevancia mundial.
- Coñecer obras de arte salientables, galegas, locais e de relevancia mundial.
- Ampliar o vocabulario con palabras relacionadas coas artes.
- Interpretar obras de arte
- Utilizar recursos artísticos para comunicar emocións, ideas ou feitos.
- Valorar as distintas manifestacións artísticas como fonte de crecemento persoal e opción de lecer.

O desenvolvemento de todas competencias a través das tarefas e actividades:

- Comunicación lingüística, a través de lectura, busca de información, redacción de paneis informativos, produción doutros textos que se precisen, exposicións orais, coloquios...
- Competencia en ciencias, matemáticas e tecnoloxía, coa realización de bosqueños, medicións, escalas, composicións xeométricas...e uso dos escornabots.
- Competencia dixital, mediante o uso do procesador de textos, realización de vídeos, fotografía, presentacións dixitais, blog
- Competencias sociais e cívicas, traballando coa metodoloxía de aprendizaxe cooperativa
- Conciencia e expresións culturais coñecendo e interpretando as actividades artísticas do noso patrimonio e universais.
- Aprender a aprender, buscando e seleccionando información, establecendo relacións entre distintas fontes, resumindo, explicando...
- Sentido da iniciativa e espírito emprendedor, a través de creación propias, individuais ou de equipo, deseñando propostas e levándoas a cabo.

En todos os niveis o proxecto abarca moitos contidos da Educación Artística (Plástica e Música), pero tamén de Ciencias Sociais como a Historia e Xeografía, das Ciencias Naturais como a materia e as súas propiedades, a luz, as cores... de Matemáticas as unidades e instrumentos de medida, formas e corpos xeométricos, liñas, escalas, concepto de volume... das Linguas e Literatura as diferentes tipoloxías textuais e as súas funcións (texto expositivo, informativo, conto, entrevista, noticia, poesía, teatro...) e vocabulario temático.

Deseñáronse tarefas integradas en todas as titorías, e dentro delas as actividades necesarias para chegar a un produto final. Como sempre ocorre, os intereses xerados no desenvolvemento fixo que xurdiran outras actividades nas titorías, aula de música e aula de inglés.

Integráronse no proxecto os obxectivos do equipo de Biblioteca, TIC, EDLG e Actividades Complementarias, mantendo reunións conxuntas de coordinadoras con xefatura de estudos unha vez ao mes. O profesorado de cada nivel ou materia buscou e seleccionou os estándares avaliábles para cada tarefa e os instrumentos de avaliación a aplicar.

No proxecto participou todo o profesorado e alumnado do centro.

OBXECTO E TEMÁTICA DA INVESTIGACIÓN

A temática xeral foi a arte, o seu concepto, as diferentes disciplinas artísticas ou Belas Artes e as súas producións: arquitectura, escultura, pintura, música, literatura, teatro, cine, fotografía... Os tres bloques aos que fai referencia o título enmarcan as actitudes que queremos fomentar:

MIRAR	Actitude de atención, observación, curiosidade, goce e asombro
PENSAR	Reflexión, Lectura crítica, opinión, investigación, conversación
CREAR	Creatividade, produción propia, iniciativa, autoconfianza

PROCESO DE DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA

Comezamos deseñando un proxecto mínimo viable dende a Biblioteca, que presentamos e modificamos na reunión de coordinadoras. Quedou así:

Temporalización	Contidos	Tarefas	Actividades	Produtos
Setembro/outubro	Ideas previas	Que é a arte? Saberíamos explicalo?	Traer fotografías Comentalas na aula Seleccionar palabras que definan a arte	Mural colectivo
Outubro/novembro/décembro	A arquitectura Arte e utilidade	Que é a arquitectura? Reproducimos unha obra arquitectónica próxima por aula. (repartir para non coincidir)	Busca de información Resumes Bosquexos e planos Exposición nos corredores con paneis de información.	MAQUETAS con información (comezamos a preparar o que será o produto final: MUSEO)
Segundo trimestre	A escultura	Que é a escultura? Elaborar unha escultura en equipos cooperativos	Busca de información Bosquexos Realización da escultura	Presentación dixital Exposición oral Representación plástica
Terceiro trimestre	A pintura	Pintar versións de cadros nos muros do patio de pintores ou pintoras galegos.	Busca de información Resumes Escalas Reprodución en cuadrícula Pintura mural	Pintura nos muros, cada clase un cadro. Panel informativo
Todo o curso	Música, danza, literatura, teatro, fotografía... de xeito transversal	Facemos arte para os demais	Ler, escoitar, escribir,programar, ensaiar...	Cancións, Recitados, Lecturas, radio, Contos Dramatizacións
XUÑO	PREPARACIÓN DO MUSEO E APERTURA AO PÚBLICO			
*Buscar posibles visitas de expertos/as e saídas relacionadas				

Estas liñas básicas foron as que se incluíron na Programación Xeral Anual.

Posteriormente nas reunións co resto do profesorado engadíronse outras ideas, modificando, ampliando e enriquecendo este deseño básico, por exemplo coa integración do Entroido, que deu lugar a outra tarefa.

Acordamos solicitar visita no Museo de Pontevedra e realizar outra saída a ver os elementos arquitectónicos traballados.

Na comisión de Biblioteca no Consello Escolar propuxemos buscar posibles artistas que puidesen vir ao centro, amosar a súa obra e conversar co alumnado. As nais da comisión contactaron cun escultor e cunha pintora, ambos da comarca. A ANPA organizou a asistencia ás Xornadas de Teatro da Federación de ANPAS. Todo isto engadiu o elemento da socialización ao noso proxecto, con aliados da nosa comunidade educativa e da nosa contorna.

O equipo TIC abriu un blog para as comunicacións do proxecto dende as aulas e onde o alumnado puidese tamén ver e ler os traballos que se ían facendo. Contamos ademais coa revista e emisora escolar, canles habituais na escola que coordina o EDLG.

Acordamos utilizar os escornabots para actividades iniciais sobre o coñecemento e características das distintas artes, e calquera outra que ás mestras desexaran.

Seleccionamos libros da nosa Biblioteca e recursos web.

Así chegamos ao deseño completo do proxecto. Só quedaba dárllelo a coñecer ao alumnado e poñer en marcha o motor da motivación, dado que neste caso non xurdiu do seu interese senón do noso. Preparamos un video promocional do proxecto para visualizar cos nenos e nenas, e dar a coñecer a idea tamén a toda a comunidade a través dos blogs e redes sociais. Logo enviamos correos electrónicos de Pacho ás aulas coa “primeira misión”. E comezamos.



Queridos nenos e nenas:



Que sabemos de arte?
Seguro que algo sabemos, pero este curso imos convertirmos en **EXPERTOS E EXPERTAS EN ARTE!** coa axuda da Biblioteca, da internet, do que nos contan, do que vexamos e escoitemos...

PRIMEIRA MISIÓN:

Deberemos traer ao cole imaxes, non moitas (como moito cinco cada un), nas que nós pensemos que hai ARTE. Poderán ser fotos feitas por vós ou imaxes recortadas de revistas ou folletos.

Agardo impaciente

Pacho 

DOCUMENTACIÓN ELABORADA

- Plantilla básica para programación das tarefas integradas
- Formulario de avaliación do desenvolvemento
- Selección de recursos web nun taboleiro de Symbaloo
- Selección de libros en Pinterest
- Cartas e correos da mascota da Biblioteca
- Guía como interpretar unha obra de arte
- Selección de esculturas de Rosalía de Castro
- Carteis das exposicións do escultor e da pintora
- Puzzles dixitais dos cadros que pintamos, en jisawplanet
- Propostas de fotografía e de banda deseñada dentro de “Abril mes dos libros”
- Fichas de Problemas Artísticos
- Guías e instrucións para as realizacións plásticas
- Tarxetas para a actividade Guías do Museo
- Información sobre códigos QR para incluír nas invitacións
- Plantillas escornabots diferentes niveis

TAREFAS REALIZADAS

Estas foron as tarefas e actividades realizadas finalmente polo alumnado:

Mural de ideas previas	A partires do traballo realizado en todas as aulas coas fotografías aportadas
Xornada escornabótica e artística (Día da Biblioteca)	Pasando todos os cursos pola Biblioteca coñeceron os escornabots realizando actividades de relacionar nomes das artes con fotografías ou definicións, ou fotografías entre sí, segundo o nivel.
Tarefa integrada: Maqueta dunha obra arquitectónica próxima. Mural informativo	Castelo e muralla (E. Infantil) Ponte (1º) Hórreo (2º) Fonte (3º) Pazo (4º) Castro (5º) Palcos de música (6º)

Sálda arquitectura: explicacións “in situ” Croma “Os hórreos” Vídeo visita virtual ao Pazo de Lira.	Visita ás obras de arquitectura realizadas en maqueta, realizando as explicacións aos demais. Por falta de tempo nese día, 2º e 4º fixeron a explicación posteriormente en vídeo.
Entrevista a Migallas (Coñecendo artistas)	Aproveitando a asistencia ás Xornadas de teatro da FANPO, o alumnado de 6º entrevistou aos actores e músicos María Campos e Carlos Yus, publicando posteriormente na radio escolar.
Esculturas pola Paz (Día da Paz) Autor inspirador: Alexander Calder	Realización de esculturas en equipos cooperativos, exposición das mesmas co seu título e explicación correspondente. Todos os cursos.
Arte con Rosalía (Día de Rosalía)	Ilustración de poemas, pintura con acuarelas e pintura pop art, videopoemas. E. Infantil, 1º, 2º, 3º e 5º de Primaria
Tarefa integrada: Entroido: disfracémonos con arte Falamos de... Mondrián, Paul Klee, Picasso, Frida Kahlo, Esculturas enigmáticas, Música e Reveriano Soutullo, Van Gogh, As Meninas	Elaboración do disfraz con temática artística libre cada curso. Información da temática elixida en presentación dixital e exposición oral na Biblioteca, todos os cursos. Resumo de todo nun programa de radio polo alumnado de 2ºP
Entrevista a un escultor (Coñecendo artistas)	Con motivo da exposición e charlas na Biblioteca do escultor Severiano Lago, o alumnado de 4º P realizou unha entrevista, que publicaron en podcast e na revista escolar.
Entrevistas aos escritores Antón Cortizas e Pere Tobaruela (Coñecendo artistas)	Con motivo da visita destes escritores despois da lectura dos seus libros, realizáronse as entrevistas, publicadas unha en podcast e outra na revista escolar. Alumnado de 2º, 3º e 5º

Estatuas	Interpretación de esculturas humanas co propio corpo. E. Infantil
Andersen en cómic Día do Libro Infantil (proposta da OEPLI)	Versións en banda deseñada de contos de Andersen. Alumnado de 3º e 6º.
Fotografía: “Olladas de Luz sobre a Lectura” Abril mes do Libro	Proposta de fotografía artística en familia e na escola coa temática do fomento da lectura. Exposición das mesmas.
Saída museo de Pontevedra: Crónicas.	Realizaron a crónica da saída o alumnado de 6º na revista escolar e alumnado de 4º no blog do proxecto.
Pintura con técnicas diversas: con puntos, con liñas, con palliñas, con cordas, con canicas, estampado, serigrafía...	Práctica de distintas técnicas de pintura: todos os cursos. Programa de radio de 3º: Puntillismo e paisaxe “As cores da música”, coa Primavera de Vivaldi na aula de Música.
O papel da música no cine: Piratas do Caribe A pantera Rosa Bailando baixo a chuva Coco	Na aula de música todos os cursos traballaron con audicións de temas musicais de catro películas moi diferentes. Realizaron cartelería das películas, un teatriño de sombras e siluetas de personaxes para interpretar despois as escenas das películas acompañadas da música.
Narración dramatizada (Letras galegas)	Narración pola radio escolar de “O día do naufraxio”, conto incluído en Mar Adiante de Mª Victoria Moreno. 4º de Primaria.
Tarefa integrada: Cadros no muro. Luis Seoane, Castelao, Maruja Mallo, Jorge Peteiro, Álvaro Caruncho, Leandro Lamas, Abi Castillo, César Prada	Versións no muro do patio de cadros de pintores e pintoras galegos, ampliados co método da cuadrícula. Un por aula. Paneis informativos sobre os cadros e os autores/as
Sculptures and monuments around de world	Aula de inglés. Investigación e publicación na revista escolar. 6º P

Outros traballos na revista escolar	Contos nos cadros, curiosidades , crítica de arte...
Traballos de preparación para a apertura do Museo LeirARTE	Preparación da porta (5º), elaboración das invitacións personalizadas, tarxetas de guía, códigos QR e organización da exposición (todos os niveis)
Visita guiada	Explicación aos visitantes(todos os niveis), entrevistas e información en imaxes e vídeo a cargo dun equipo de 6º.



RECURSOS E FONTES CONSULTADAS

Utilizáronse materiais plásticos moi diversos para a realización das maquetas, esculturas e pinturas, algúns de refugallo, outros adquiridos (arxila, pauciños, arame, poliestireno...) e outros os que se usan habitualmente na escola. Utilizáronse tamén instrumentos de medida e debuxo, corpos e figuras xeométricas. Dous expositores metálicos con rodas e dous cabaletes facilitaron desprazar a información ao lugar desexado. A pintura para o muro, foi pintura plástica para exteriores.

Os recursos dixitais foron: ordenadores da Biblioteca e das aulas, pizarra dixital, fondo para croma, tablets, cámara fotográfica, micrófonos e gravadora.

Utilizáronse os recursos de información na web que figuran no [taboleiro de symboloo](#), máis os que figuran na [bibliografía da revista](#) escolar e nas presentacións dixitais. Ademais os libros da nosa Biblioteca:

- *Frida Kahlo*, serie Grande Pequena, Alba editorial
- *Un cadro de Van Gogh*, Claire D'Harcourt, editorial Kalandraka
- *Un cadro de Velázquez*, Claire D'Harcourt, editorial Kalandraka
- *Velázquez para niños*, Marina García/Emilio Sola, Ed.Libros del Zorro Rojo
- *Un cadro de Picasso*, Claire D'Harcourt, editorial Kalandraka
- *Picasso para niños*, Marina García, Libros del Zorro Rojo
- *Alexander Calder*, Patricia Geis, serie Mira que artista, Editorial Combel
- *Abecedario de arte*, un paseo por el Museo Thyssen, editorial SM
- *Grandes edificaciones de la historia*, Gillian Clements, Ed. Blume
- *Descubrir a arte a través do mundo*, Factoría K de libros

Traballamos tamén con libros de ficción facendo lectura nas aulas e coas familias, para pensar, conversar ou crear con eles:

Aquiles o puntiño (Guia Risari e Marc Taeger), *O soño de Matías* (Leo Lionni), *El zorro pintor* (Pato Mena), *El señor Flux* (Kyo Maclear), *O oso e o piano* (David Litchfield), *A cebra Camila* (Marisa Núñez), *La manzana de Magrit* (Klaas Verplancke), *Lo que Degas veía* (Samantha Friedman), *Cepillo* (Pere Calders)...



IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA

Todo o profesorado foi partícipe dalgún modo deste proxecto, traballando co alumnado, apoiando, organizando, etc., tamén a coidadora colaborando coa integración dun alumno con TEA nas tarefas. A dirección do centro organizando as saídas e o evento final, contactando coa prensa que publicou a nova (Faro de Vigo), xestionando co Concello a axuda para mercar as pinturas do muro e coordinando coa ANPA as actividades previstas.

As familias implicáronse co proxecto participando nas propostas que se lle fixeron, e acudiron a visitar o Museo LeirARTE amosando interese e escoitando ao alumnado.

A ANPA organizou a exposición de cadros dunha pintora local e obradoiros de pintura e debuxo para todo o alumnado. Tamén o almorzo do ultimo día. As nais que están na Comisión de Biblioteca xestionaron a visita e exposición do escultor.

O Concello de Salvaterra de Miño asumiu os gastos da pintura do muro e a Concelleira de Educación acudiu á visita guiada. Foi entrevistada polo equipo de alumnos que recollía información nese día. Un resumo desta xornada está recollido nun vídeo podéndose escoitar alí o que falou co alumnado.

DIFUSIÓN DOS TRABALLOS

Os traballos publicáronse no blog do proxecto durante o curso, foise dando conta do seu desenvolvemento a través do blog, facebook e blog da Biblioteca. Entregáronse dous exemplares da revista á Biblioteca Municipal.

O evento final foi publicado no Faro de Vigo, sección Comarcas. O alumnado elaborou as invitacións onde se incluía Horario de apertura do Museo e algunhas instrucións para a visita. Distribuíronse tamén por localidades próximas.

Blog do proxecto: <http://leirarte.blogspot.com/>


O proxecto no Blog da Biblioteca:

<http://abibliodeleirado.blogspot.com/search/label/LeirARTE>

AVALIACIÓN REALIZADA

O profesorado avaliou o grao de consecución dos obxectivos xerais do proxecto e máis o desenvolvemento do mesmo, con dúas escalas de valoración. Cubriron estes formularios 12 persoas de 15.

GRAO DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS	Moito	Bastante	Medio	Baixo
Recoñecer e apreciar as características das distintas artes e das producións artísticas.	8	4	0	0
Valorar o patrimonio Cultural da zona.	7	5	0	0
Reflexionar sobre a intención comunicativa dunha obra de arte.	3	8	1	0
Crear producións artísticas seguindo modelos	10	2	0	0
Coñecer artistas galegos, locais e de relevancia mundial.	6	6	0	0
Coñecer obras de arte salientables, galegas, locais e de relevancia mundial.	6	6	0	0
Ampliar o vocabulario con palabras relacionadas coas artes.	8	4	0	0
Utilizar recursos artísticos para comunicar emocións, ideas ou feitos	4	8	0	0
Valorar a arte como fonte de enriquecemento persoal e opción de lecer	8	4	0	0



Nas propostas de mellora destaca a importancia de respectar as temporalizacións programadas, do contrario é difícil rematar as tarefas con éxito, e de definir estruturas cooperativas para o traballo coas TIC. Tamén se destaca nos comentarios que a medida que avanza o proxecto xurden novas ideas e intereses que ás veces non da tempo de levar a cabo.

Para avaliar ao alumnado tivemos en conta os estándares seleccionados previamente e utilizamos diferentes instrumentos de avaliación das súas producións: observación no desenvolvemento, rúbricas e listaxes de cotexo (algúns de elaboración propia, outros recollidos na rede)

ACTIVIDADES	ESTÁNDAR 1	ESTÁNDAR 2	ESTÁNDAR 3
Posta en común, argumentando, para escoller un pintor/a e cadro para a aula.	Participa axeitadamente nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e intervindo coas propostas propias.	Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais.	Participa activamente no traballo en grupo, así como nos debates.
Autora e obra: informarse e seleccionar.	Utiliza as tecnoloxías da información para localizar e seleccionar a información nun texto.	Esquematiza as ideas dun texto, indicando as ideas principais e secundarias.	Realiza o resumo dun texto.
Cuadrícula a imaxe do cadro elixido e reprodución nunha cadricula baleira.	Trazas rectas paralelas e perpendiculares, usando o escuadro e o cartabón.	Cóñece e aprecia o resultado da utilización correcta dos instrumentos de debuxo, e valora a precisión dos resultados.	Participa con interese nas actividades propostas, apreciando a realización correcta, precisa, ordenada e limpa dos exercicios e das actividades.
Escalar e reproducir a cadricula no muro, reparto de cadriños para pintar.	Cóñece e comprende o termo de escala e é capaz de aplicalo cambiando a escala dun debuxo sinxelo mediante o uso da cuadrícula.		

ACTIVIDADES	ESTÁNDARES	COMPETENCIAS
1. Decidir a temática do noso disfrac tendo en conta que ten que ser relacionado con calquera manifestación artística: Información, debate, argumentar, decidir	LCB1.1.1. Expresa de forma global, ideas, opinións e sentimentos con certa claridade. LGB1.3.1. Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e intervindo adecuadamente. LGB1.3.4. Participa no traballo en grupo.	AA CCL CSC
2. Investigación e recollida de información sobre o tema elixido .	LGB2.1.2. Identifica as ideas principais dun texto sinxelo (narrativo, descritivo, expositivo). LGB2.1.3. Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto sinxelo. LGB2.3.5. Inicia e participa na utilización do dicionario de xeito guiado. CSB1.1.1. Busca información (empregando as TIC e outras fontes directas e indirectas), selecciona a relevante, a organiza, analiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica oralmente e/ou por escrito.	AA CCL CD
3. Planificación do disfrac: bosqueños, lista de materiais, medidas, cantidades...	EPB2.3.1. Leva a cabo proxectos en grupo respectando as ideas das demais persoas e colaborando coas tarefas que lle foran encomendadas. MTB1.2.1. Planifica o proceso de traballo con preguntas apropiadas: que quero descubrir?, que teño?, que busco?, como o podo facer?, non me equivoquei ao facelo?, a solución é idónea?	CEC CSIEE CSC
4. Realización dos disfraces	MTB3.3.3. Resolve problemas da vida real utilizando as unidades de medida máis usuais. Material diverso nas producións plásticas, explorando diversas técnicas e actividades	AA CMCT CEC

ACTIVIDADES	ESTÁNDAR 1	ESTÁNDAR 2	ESTÁNDAR 3
Busca e recollida de información sobre a arquitectura	Fai uso das tecnoloxías da información e da comunicación, na procura de información para o desenvolvemento de proxectos na aula.	Fai preguntas sobre obxectos, situacións, persoas e fenómenos cunha actitude observadora, o que lle permite ter moitos coñecementos dos elementos do medio	Solicita que lle lean para obter información Presta atención ás informacións que lle transmiten outras persoas.
Elección dunha obra das seleccionadas para realizar a maqueta. Busca e recollida de información sobre a mesma	Fai uso da biblioteca valorándoa como fonte de información e como fonte de pracer.	Formula hipóteses sobre o que pode estar escrito en diferentes textos	É quen de registrar as súas observacións
Realización de planos e bosqueños, elección de material a empregar, cálculo de cantidades, etc.	Clasifica os obxectos atendendo á posesión dalgún atributo	Realiza estimacións de medidas de lonxitude	Participa na planificación do proceso de creación dunha obra.
Realización da maqueta	Formula hipóteses e contrastaas coas das outras persoas antes de pasar á realización	Emprega os cuantificadores para resolver problemas matemáticos por estimación (máis que, menos que, tantos como...)	Situa os obxectos e localízalos: diante – detrás, dentro – fóra, arriba – abaixo, preto – lonxe, enriba – debaixo, primeiro – derradeiro.
Elaboración do panel informativo que acompañará á nosa produción	Gusta de facer uso da escritura (convencional ou non) para transmitir información.	É respetuoso e acepta as escrituras dos compañeiros e compañeiras que escriben cunha hipótese menos evolucionada	Incorpora ao seu vocabulario palabras novas

CREBACABEZAS	MOI BEN	BEN	SUFICIENTE	INSUFICIENTE
Buscando cos números iguais	Organizámonos, puxémonos de acordo , e conseguimos anotar toda a información que nos pedían as preguntas	Organizámonos, puxémonos de acordo , aínda que nos costou atopar alguna das información.	Organizámonos, costounos un pouco poñernos de acordo e a información quedou incompleta	Non conseguimos organizarnos e ponernos de acordo e recollimos moi pouca información.
Contando ao meu equipo	Conteja información clara e ordenada ao meu equipo	Conteja información ao meu equipo clara e ordenada pero precisei consultar as notas	Conteja información ao meu equipo con algunhas axudas da profe	Conteja información desorganizada e confusa
Resumindo a información	Resumimos rapidamente porque o tiñamos todo claro	Resumimos ben, revisando e corrixindo algunhas cousas	Resumimos ben con axuda da profe	Costounos moito organizar a información e o resumo non se comprende.
Explicando o cadro elixido	Explicuei o cadro segundo todas as orientacións	Explicuei o cadro segundo bastantes orientacións	Explicuei o cadro brevemente	Precisei moitas axudas para explicar

cedec Rede de Centros de Educación de Primaria

RE: A Cuarto de Primaria
EDIA1- CUANDO VIVIAN EN BLANCO Y NEGRO

RÚBRICA EXPOSICIÓN ORAL

	4	3	2	1
Pronunciación	Pronuncia las palabras correctamente y su vocalización es correcta.	Pronuncia correctamente pero su vocalización no es correcta.	Comete errores de pronunciación aunque su vocalización es correcta.	Comete errores tanto de pronunciación como de vocalización.
Volumen	El volumen es adecuado con la situación.	Levanta la voz demasiado en la exposición.	Habla demasiado bajo al exponer.	Expone muy bajo, casi no se le oye.
Postura	Su postura es natural mirando al público continuamente.	Mira al público pero está apoyado en algún sitio.	En ocasiones da la espalda al público.	No se dirige al público al exponer.
Contenido	Expone el contenido concreto, sin salirse del tema.	Expone el contenido y en ocasiones se sale del tema.	Expone el contenido aunque le faltan algunos datos.	La exposición carece de contenido concreto.
Documentación	Utiliza material de apoyo extra para hacerse entender mejor.	Durante la exposición hace uso adecuado de la documentación.	Escasa referencia a imágenes o documentos de apoyo.	No utiliza material de apoyo a la exposición oral.
Secuenciación	Buena estructura y secuenciación de la exposición.	Exposición bastante ordenada.	Algunos errores y repeticiones en el orden lógico de las ideas.	La exposición carece de orden y repite las ideas continuamente.

Listaxe de cotexo para a presentación

PRESENTACIÓN DIXITAL	SI	NON
O texto é claro e comprendese .		
Utilizo maiúsculas e signos de puntuación		
A imaxe ou imaxes seleccionadas teñen relación co texto e aportan información		
A información está completa e corresponde ao acordado no equipo		

FUNCIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR

Dende a Biblioteca Escolar plantexouse o deseño básico do proxecto e coordinouse o seu desenvolvemento.

Na Biblioteca Escolar estaban expostos os libros seleccionados e foi lugar de traballo en momentos de busca de información ou préstamo dos fondos de arte. Tamén foi lugar de encontro nas exposicións orais, xornada escornabótica, lecturas coas familias, encontros con autores, entrevistas, exposición de escultura e nos obradoiros de debuxo e pintura.

Na Biblioteca engadiuse ao equipamento este curso un fondo croma, tablets e unha cámara dixital para uso autónomo do alumnado, dándolle uso xa neste proxecto.

Leirado, 2 de xullo de 2018